

1. TEMÁTICA

A exposición fai un percorrido polas distintas causas da pobreza, regras do mercado internacional, prácticas que provocan estragos medio ambientais, violacións dos dereitos humanos a mans de transnacionais, etc.

Ademais das causas mostra as consecuencias destas políticas económicas na poboación dos países do Sur.

2. COMPOSICIÓN

Nº de paneis: 8 paneis escritos en galego dunhas dimensións aproximadas de 2m de alto por 1 de ancho.

Paneis que compoñen a exposición.

1. O colonialismo nos procesos de empobrecemento
2. Un mundo inxusto. Un mundo desigual
3. “Desenvolvemento”: Evolución-Empobrecemento
4. As interdependencias
5. Feminización da pobreza. O comercio de armas
6. Mundialización
7. Que facer? I
8. Que facer? II

3. INSTRUCCIÓN PARA A MONTAXE

Os paneis están plastificados de xeito que se poden pegar en paredes ou tableiros habilitados para exposicións.. Os paneis teñen unha orde informativa.

4. DATA DE REALIZACIÓN

2004

5. AUTORES

Entrepobos

6. CONDICIÓN DE PRESTAMO

Cesión gratuita

7. FOTO PANEL

FORO MUNDIAL GLOBAL DESDE A SOLIDARIEDADE

A Feminización da Pobreza O Comercio de Armas

¿A QUEM AFECTA MAIS A POBREZA?

As estruturas sociais, discriminatorias para as mulleres, son as causantes de que sobre elas recaia a maior parte do peso dos Ajustes Estructurais. A caída de ingresos familiares implica que a muller se responsabiliza de novas cargas de traballo non pagado. Mulleres e nenas son as máis afectadas por ter menos tempo para acceder á educación e por incorporarse ó mercado de traballo en termos discriminatorios.



0,70% dos pobres son mulleres. Non poucos discapacitados hai un 60% máis de mulleres que de homes analfabetos. Dos 125 millóns de nenas non escolarizadas o 70% son nenas. As mulleres realizan o 87% das horas traballadas no mundo e só gañan o 10% dos ingresos sexados.

so reciben o 1% das propiedades. A atención sanitaria da saúde sexual e reprodutiva, e gravemente deficiente. O ano mueren 600.000 mulleres por causas relacionadas co embarazo e o parto e cada día practícanse 50.000 abortos en condicións perigosas.

A violencia contra as mulleres: En todo o planeta as mulleres son sometidas a actos, prácticas e comportamentos que comprometen gravemente a súa integridade física e psíquica. En Asia as estadísticas botan en falta 100 millóns de nenas que con toda probabilidade serían asasinadas antes de nacer. En África 6.000 mulleres o día son mutiladas xenitalmente por razóns culturais. (135 millóns de mulleres de todo o mundo sufriron a extirpación total ou parcial dos seus órganos xenitais). A violencia doméstica é un feito habitual en Europa e América.

Sen embargo, as mulleres ocupáronse de denuncia-los mecanismos máis perversos do sistema sexo-xénero e botaron man da imaxinación e a creatividade para resolve-los seus problemas nas condicións máis adversas: Nais e Avoas da Praza de Maio en Arxentina, Mulleres de Negro contra a guerra de Iugoslavia, Mulleres do Estado de Uttar Pradesh na India, O Banco Mundial de Mulleres, rede de traballo de mulleres en 40 países, O Foro de opresión da Muller de Bombai,...

¿QUEM SON OS BENEFICIARIOS DO COMERCIO DE ARMAS?

O actual tráfico de armas, (convencionais, nucleares, biolóxicas, etc), divide o mundo en dous: fabricantes (Estados Unidos a metalúrxicos), e compradores, fundamentalmente países empobrecidos, escenario da maior parte dos conflitos armados que se producen. Entre 1990 e 1995, 70 Estados estiveron implicados en 93 guerras nas que morreron 5 millóns e medio de persoas, o 90% poboación civil, ademais de provocar máis de 40 millóns de

